

Horizontes educativos na traxectoria do Desenvolvemento Humano *Educational horizons in the path of Human Development*

Pablo Montero Souto. Universidade de Santiago de Compostela (Galicia-España)

Resumo

Os Relatorios do Desenvolvemento Humano, publicados polo Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento dende a década dos noventa, conteñen un conxunto de importantes referentes pedagóxicos para validar a necesidade dunha Educación Social e Ambiental de marcado carácter ético, cívico e político. Con tal hipótese, a lectura do concepto Desenvolvemento Humano, institucionalizado no seno da Organización das Nacións Unidas, suxire que a educación ten que servir para ampliar as opcións das persoas e dos grupos sociais, brindándolle a cadaquén a oportunidade de levar unha vida que teña motivos para valorar, de modo que os poboadores do planeta poidan exercer a liberdade de ser quen son para participar de todos beneficios do seu desenvolvemento. En todo caso, remitindo estas perspectivas ao proxecto dunha educación que está chamada a ser eminentemente crítica cos actuais modelos de riqueza, crecemento, progreso, benestar social, calidade de vida etc., tanto como coa xeración das alternativas que os veñan a substituír.

Abstract

The Human Development Reports, published by the United Nations Development Program since the 1990's, contain a set of important pedagogical referents to justify the need for a Social and Environmental Education of a markedly ethical, civic and political nature. Based on such a hypothesis, the reading of the concept of Human Development, institutionalized at the heart of the United Nations Organization, suggests that education must serve to widen the options of different people and social groups, offering each one the opportunity to lead a life they have reasons to value, so that the inhabitants of the planet may exercise the freedom to be who they are and take part in all the benefits of their development. In any case, these perspectives point to the project of an education that is meant to be essentially critical with the current models of wealth, growth, progress, social welfare, quality of life, etc., as well as with the generation of the alternatives that are to replace them.

Palabras chave

Desenvolvemento Humano, PNUD, Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio, Década da Educación para o Desenvolvemento Sustentable

Key-words

Human Development, UNDP, Millennium Development Goals, Decade of Education for Sustainable Development.

Este texto foi realizado co apoio do Ministerio de Ciencia e Innovación do Goberno de España, durante unha estadia de investigación realizada na Chaire de recherche du Canada en éducation relative à l'environnement, e financiada a través da convocatoria correspondente ao ano 2008 do Programa de Formación de Profesorado Universitario (AP-2006-00797).

A Declaración sobre o dereito ao desenvolvemento, adoptada pola *Asemblea Xeral da Organización das Nacións Unidas* (ONU), na súa resolución 41/128, do 4 de decembro de 1986, definía o desenvolvemento como *“un proceso global económico, social, cultural e político, que tende ao melloramento constante do benestar de todas as persoas sobre a base da súa participación activa, libre e significativa na ampliación e distribución xusta dos seus beneficios”*. Coa forma de “Desenvolvemento Humano”, a expresión aparece recollida dende a década dos noventa nos chamados Relatorios de Desenvolvemento Humano (HDR), encargados a un equipo de consultores, asesores e colaboradores que –anualmente– emiten a súa valoración arredor das problemáticas mundiais de cada momento, aconsellando aos mandatarios políticos do Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento (PNUD) e aos seus estados membros da ONU.

Nas dezaoto edicións aparecidas entre 1990 e 2008, estes Relatorios veñen conceptualizando o Desenvolvemento Humano como o proceso para ampliar as opcións das persoas e dos grupos sociais, brindándolles maiores oportunidades de educación, atención médica, ingresos e emprego, de maneira que a xente poida usar as súas capacidades para participar a fondo en todos os aspectos da vida colectiva e expresarse dun xeito libre e creativo. Ao noso entender, estes elementos constitúen un poderoso vector de educa-

ción, converxente coa idea de construír unha sociedade achegada ás necesidades vitais dos suxeitos e das comunidades, a través dun quefacer pedagóxico e social que tamén se inscribe nos procesos de ecodesenvolvemento (BRONFENBRENNER, 1987), desenvolvemento local, desenvolvemento comunitario, desenvolvemento sustentable, desenvolvemento integrado, desenvolvemento a escala humana (MAX-NEEF, ELIZALDE e HOPENHAYN, 1994), autodesenvolvemento etc. E, en xeral, adoitando cantas adxectivacións poidan atribuírse ao sentido de facer avanzar as sociedades propiciando melloras na vida das persoas e dos pobos. Se ben, para alén dos apelidos terminolóxicos que teñen connotado a idea de desenvolvemento pola súa natureza social ou sustentable, coincidimos con CARIDE (2006) en que as súas realidades xa non dependen tanto das expresións ás que se recorra para nomealas como dos feitos que as acompañen, ata agora pouco ou nada consecuentes coas finalidades que se declaran.

Neste sentido, a conceptualización do Desenvolvemento Humano manifesta tanto unha declaración sobre os niveis de crecemento que se producen, como unha expresión dos modelos que orientan as políticas da comunidade internacional. A medio camiño entre as intencións e as accións, as ideas difundidas a través da publicación do PNUD constitúen o referente máis expresivo da traxectoria discursiva e práctica do Desenvolvemento Humano,

e do contido pedagóxico que atravesa a formación de capacidades humanas para alcanzar un desenvolvemento certo e efectivo. Tratando de anotar tales referentes educativos, optamos aquí por trazar o recorrido cronolóxico dos dezaioito Relatorios de Desenvolvemento Humano aparecidos ata o momento, seguindo a secuencia da súa institucionalización conceptual e da súa posterior evolución.

A institucionalización do Desenvolvemento Humano como concepto e medida

Nado en 1990, o primeiro dos Relatorios de Desenvolvemento Humano (HDR) realizou un aporte fundamental á revisión das políticas da comunidade internacional, afirmando que cómpre apreciar os numerosos significados que se lle atribúen a determinados termos, como crecemento e desenvolvemento. Con maior ou menor vehemencia, os relatores manifestábanse contrarios ao deseño de políticas exclusi-

Ano	Título
1990	Definición e medición do Desenvolvemento Humano
1991	Financiamento do Desenvolvemento Humano
1992	Unha nova visión sobre Desenvolvemento Humano internacional
1993	Participación popular
1994	Un programa para o Cumio Mundial sobre Desenvolvemento Social
1995	A revolución cara á igualdade na condición dos sexos
1996	Crecedemento económico para propiciar o Desenvolvemento Humano?
1997	Desenvolvemento Humano para erradicar a pobreza
1998	Cambiar as actuais pautas de consumo para o Desenvolvemento Humano do futuro
1999	A mundialización con rostro humano
2000	Dereitos Humanos e Desenvolvemento Humano
2001	Poñer o adianto tecnolóxico ao servizo do Desenvolvemento Humano
2002	Profundar a democracia nun mundo fragmentado
2003	Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio
2004	Liberdade cultural e Desenvolvemento Humano
2005	A cooperación internacional ante unha encrucillada
2006	Máis aló da escaseza
2007/08	A loita contra o cambio climático
2009	Definición e medición do Desenvolvemento Humano

Figura 1: Informes de Desenvolvemento Humano. (Fonte: <http://hdr.undp.org>)

vamente baseadas no volume dos ingresos de cada país, entendendo que esta é unha simplificación extrema, cando non unha enorme distorsión da realidade. Sen embargo, a esta recomendación engadían que tamén é “absolutamente” necesario aumentar a produción nacional (PIB) para alcanzar os obxectivos esenciais do ser humano.

Ao tempo, os relatores tamén pretendían observar as condicións para acceder a unha vida prolongada, coñecementos, liberdades políticas, seguridade persoal, participación comunitaria e Dereitos Humanos. De feito, aduciábase que “as persoas non deben reducirse a unha única dimensión como criaturas económicas”, pois “o que fai fascinante á xente, así como ao estudo do proceso de desenvolvemento, é todo o espectro a través do cal se amplían e utilizan as capacidades humanas”. De acordo con esta perspectiva, o Relatorio incluía a formulación dun Índice (IDH) que trataba de medir o nivel de progreso alcanzado nas distintas partes do mundo, conxugando tres compoñentes básicas do desenvolvemento:

- 1) contar cunha existencia duradeira e saudable, cifrada na esperanza de vida ao nacer;
- 2) ter acceso a unha educación ao longo da vida, matematicamente expresada como unha ponderación das taxas de alfabetización de adultos e da taxa bruta combinada da matrícula en educación primaria, secundaria e terciaria;

- 3) e dispor dun certo nivel de ingresos, medido a través do PIB per cápita, en termos de paridade de poder adquisitivo (PPA) en dólares estadounidenses (US\$).

A publicación do segundo Relatorio, coincidindo co desenlace da chamada “guerra fría”, recoñecía que “se necesitan anos, décadas, xeracións de persoas para construír verdadeiros procesos de desenvolvemento; namentres que tan só uns segundos poden bastar para destruílo”, pois o seu logro precisa da paz, e a paz esixe ter garantida a xustiza como unha condición inalienable da liberdade humana. Neste sentido, xa no seu prólogo se anticipaba que “a verdadeira causa do abandono no que se atopa o ser humano está na ausencia de compromiso político, máis que na escaseza de recursos financeiros”. Pero, en realidade, a meirande parte do seu contido suxería novos modos de financiar o progreso, convencidos como estaban os redactores da necesidade de reestruturar os orzamentos nacionais e de incrementar a efectividade da axuda internacional. Ante o predominio dunha mala orientación no uso dos recursos, augurábase que o conxunto da comunidade internacional podería ser quen de habilitar máis fondos para promover “o progreso humano acelerado”, sempre e cando se establecesen correctamente as prioridades.

Así, namentres que o primeiro dos Relatorios expuña que os chamados países

en desenvolvemento posúen os recursos necesarios para atinxir moitos dos seus obxectivos de desenvolvemento, un ano despois argumentábase que é posible reestruturar os orzamentos nacionais e a axuda internacional co fin de satisfacer as necesidades humanas máis incipientes: a pobreza extrema na que viven máis de mil millóns de persoas, a desnutrición de un de cada tres nenos do mundo, a atención médica de mil cincocentos millóns de seres humanos, o analfabetismo de aproximadamente mil millóns de persoas e a escolarización de cen millóns de nenos e nenas, entre outras.

Toda vez que tiña sido derrubado o muro divisorio entre o Leste e o Oeste, o PNUD ofreceu unha nova forma de observar as relacións internacionais, destacando que nunca antes existira un consenso tan amplo arredor das condicións necesarias para relanzar a concertación política e económica a nivel mundial. Porén, concentrou a súa atención nas dimensións internacionais do Desenvolvemento Humano, e máis concretamente na identificación dos factores que contribúen á persistencia das disparidades entre países ricos e países pobres. A saber: as políticas migratorias, as barreiras comerciais e a débeda externa.

En relación a estes asuntos, os autores admitían abertamente que a competitividade entre os mercados constitúe “a mellor das garantías” para alcanzar a igualdade, tra-

tando así de validar unha perspectiva económica do desenvolvemento como crecemento do nivel de ingreso. Nesta idea repousaba a intención de permitir que o libre fluxo de capital, traballo e bens axudara a igualar as oportunidades económicas para todos. Sen embargo, e aínda que no Relatorio se insistía en que os mercados deben servir para lograr as finalidades do Desenvolvemento Humano, os posteriores redactores foron sendo cada vez máis cautelosos en canto ás bondades existentes no sector financeiro para favorecer a distribución internacional dos ingresos e, consecuentemente, das oportunidades de acceso a un certo nivel de benestar material. Non de balde, mentres que en 1960, o 20% da poboación rica rexistraba trinta veces máis ingresos que o 20% da poboación pobre; tres décadas despois, en 1990, o 20% máis rico recibía sesenta veces máis ingresos que o 20% pobre.

Tal vez tratando de rescatar algunhas acepcións máis amables do desenvolvemento, a temática escollida para o ano 1993 virou arredor da participación social nos avances e beneficios do progreso. Deste xeito, pretendíase poñer de relevancia o protagonismo dos pobos na construción de “*cinco piares dunha nova orde mundial*”: 1) novos conceptos da seguridade humana, centrados nas persoas; 2) novos modelos de Desenvolvemento Humano sustentable, para un medio ambiente que acompañe o pleno aproveitamento das capacidades humanas, de maneira produ-

tiva e creativa; 3) novas relacións entre os Estados e os mercados, propiciando a redistribución da riqueza, dun modo amplo e xusto, que camiñe da man da solidariedade social; 4) novas pautas de gober nación nacional e mundial; e 5) novas formas de cooperación internacional. Pola súa vez, esta mesma edición remitíase a modelos de acción moito máis sensibles ás persoas e á natureza, con condicións axustadas ao cumprimento dos Dereitos Humanos e creatividade para atender debidamente as expectativas da poboación mundial. Segundo se enuncia no Relatorio, quería-se subliñar así que as consecuencias de colocar as relacións entre a Humanidade e a Biosfera no centro do cambio político e económico abarcan a democratización de todas cantas institucións interveñen nestes procesos, dende as políticas e os mercados, ata as organizacións da comunidade.

Esta mesma liña continuaríase ao ano seguinte, co gallo dos preparativos para a celebración do Cumio Mundial sobre Desenvolvemento Social, convocado en Copenhague no ano 1995, co obxectivo de abordar asuntos como a finalización dos conflitos armados, as situacións de pobreza do mundo, a minoración das presións demográficas do planeta ou a necesidade de socorrer o insensato deterioro do medio ambiente. Neste sentido, o Relatorio declaraba que a consecución do Desenvolvemento debe servir non só ao crecemento económico senón tamén –ou sobre

todo– á redistribución equitativa dos seus beneficios; outorgando a máxima prioridade á ampliación das opcións de quen habita na pobreza, garantindo a seguridade humana, a paz e os Dereitos Humanos como piares esenciais que vive ameazado tanto polas barbaries como pola desprotección social. E, se cabe, engadindo tamén o compromiso saínte do Cumio de Copenhague, onde os signatarios se declaraban resoltos a “promover o desenvolvemento social en todo o mundo para que todos os homes e mulleres, particularmente os que viven na pobreza, poidan exercer os seus dereitos, utilizar os recursos e compartir as responsabilidades que lles permitan levar vidas satisfactorias e contribuír ao benestar das súas familias, das súas comunidades e da humanidade”.

Ese mesmo ano, a celebración do quincuaxésimo aniversario da creación das Nacións Unidas permitiu constatar unha forte contraposición entre os adiantos producidos a escala mundial (no acrecentamento da esperanza de vida, na diminución da mortalidade infantil, no incremento do nivel educacional e nas melloras na nutrición etc.) e os padecementos inenarrables que fan retroceder o progreso da Humanidade en varios frontes (delincuencia, terrorismo, contaminación, SIDA, tráfico de estupefacientes, militarización e rearmamento nuclear etc.). Tal escenario levou aos relatores do 1995 a interpelar aos gobernos para que tratasen de atopar “*un novo concepto de seguridade humana para os decenios*

que se *aveciñan*”, encomendando a tarefa de “*buscar un novo paradigma de Desenvolvemento Humano sustentable capaz de satisfacer as fronteiras en expansión desa seguridade humana*”. O enunciado deste novo “paradigma” quixo destacar o seu carácter “biocéntrico”, situando ás persoas no eixo dos procesos de desenvolvemento, protexendo as oportunidades de vida das futuras xeracións e respectando os sistemas naturais dos que dependen todos os seres vivos.

Interrogándose sobre cal é a situación mundial da (des)igualdade, o último dos Relatorios incluídos na etapa do seu fundador e director, Mahbub ul Haq, afirmou que o intenso ritmo dos acontecementos está acompañado de crecentes disparidades entre os países e no interior de cada país. Unha das maiores disparidades é a que persiste entre homes e mulleres, pois segundo se deduce das estatísticas, elas representan ao setenta por cento da poboación que vive na pobreza e suman as dúas terceiras partes dos 900 millóns de persoas analfabetas rexistradas a mediados da década dos noventa. Alén de moitas outras desigualdades tamén detalladas polo PNUD, as súas achegas esclarecen a necesidade de incorporar a ambos sexos ao proceso de expansión das capacidades humanas, considerando que “a continua exclusión das mulleres respecto de moitas oportunidades da vida trunca totalmente o proceso de desenvolvemento”.

Nese sentido, indicábase que o investimento na capacidade das mulleres e a súa potenciación constitúe un fin valioso por si mesmo, e probablemente sexa a maneira máis segura de contribuír ao crecemento económico e ao desenvolvemento en xeral. Entre outras cousas, porque se estima que a contribución do potencial produtivo da muller alcanza cifras da orde de once billóns de dólares anuais. E tamén porque a eliminación das situacións de discriminación de xénero e violencia contra as mulleres son dúas premisas indispensables para iniciar a conquista da igualdade efectiva, nun mundo que non pode considerarse xusto cando se constata que a metade da súa poboación queda excluída dos beneficios e recursos existentes. Razón máis que sensata para afirmar que a salvagarda da igualdade entre homes e mulleres é unha cuestión de Dereitos Humanos, na que cabe considerar ás mulleres como axentes, promotoras e beneficiarias do proceso de transformación social.

En termos xerais, estes inicios serviron para institucionalizar o concepto de Desenvolvemento Humano, formular unha primeira proposta para a súa medición e realizar unha importante chamada de atención ante algunhas das principais problemáticas da comunidade internacional. Entre elas, hai que citar cuestións como a pobreza, a seguridade, a desigualdade e moitos outros referentes irrenunciábeis para a Educación Social e Ambiental, tanto para a discusión das súas teorías

como para o exercicio de prácticas con sentidos éticos e cívicos. Os posteriores Relatorios, sen abandonar a centralidade destas temáticas, servirán para acentuar en maior medida o valor da democracia e dos Dereitos Humanos na consecución dun mundo máis humanizado, sustentable e xusto. E, en último termo, axudarán a sementar a necesidade de practicar unha educación capaz de universalizar todas as oportunidades para todas as persoas, moi especialmente alí onde se invoque o dereito á plena formación dos individuos e das sociedades, especificado no artigo 24 da Declaración Universal dos Dereitos Humanos do ano 1948.

A transición cara a Humanización do Desenvolvemento a escala mundial

Durante o quinquenio transcorrido entre o 1996 e o 2000, os Relatorios dirixidos por Richard Jolly e Sakiko Fukuda-Parr insistiron na idea de concibir o Desenvolvemento Humano como unha alternativa á simple medición do crecemento económico. Seguindo a liña trazada polos seus predecesores, os consultores do PNUD continuaron evidenciando que o adianto das civilizacións está condicionado pola forma na que concibimos o progreso social, concordando cos anteriores diagnósticos en destacar a valía dos avances que

conseguen estar ao servizo dos seres humanos, distribuírse de maneira equitativa e favorecer a creación de modelos social e ecoloxicamente sustentables.

Novamente, a responsabilidade política e institucional de garantir o dereito á educación foi enfocada polos distintos relatores como unha cuestión de primeira orde para expandir as capacidades das persoas. Se ben, as principais preocupacións do PNUD durante a segunda parte da década dos noventa continuaron focalizadas nas dicotomías entre riqueza e pobreza, desenvolvemento e subdesenvolvemento, crecemento e recesión, consumo e recursos etc. De feito, non será máis que cara ao final desta período cando se reafirme a visibilidade do Artigo 1 da Declaración sobre o dereito ao desenvolvemento, recordando que é *“un dereito humano inalienable en virtude do cal todo ser humano e todos os pobos están facultados para participar nun desenvolvemento económico, social, cultural e político no que poidan realizarse plenamente todos os dereitos humanos e liberdades fundamentais, e a contribuír a ese desenvolvemento e a gozar del”*.

Atendendo á cronoloxía dos Relatorios, a publicación de 1996 analizou en profundidade as interrelacións entre crecemento e desenvolvemento, amosando o conflito de intereses da comunidade internacional entre a súa declarada preocupación polos efectos socioculturais da pobreza e a intervención nas políticas económicas para

controlar a circulación dos ingresos. Aínda que o crecemento era presentado como un medio ao servizo das finalidades que tratan de “enriquecer” a vida das persoas; todo indicaba que as crecentes disparidades económicas estaban a crear mundos cada vez máis polarizados, condenando a milleiros de persoas a malvivir por debaixo da denominada “liña da pobreza”. En consecuencia, de aquí en diante cobraría protagonismo a necesidade de apremar aos gobernos para que adoptasen medidas correctivas, que impediran a distorsión dun crecemento “defectuoso”, evitando a proliferación dunha sociedade mundial sen “emprego”, sen “raíces”, sen “equidade”, sen “voz das comunidades” e sen “futuro”. En boa medida, porque ao Desenvolvemento interésalle tanto “o enfoque das capacidades humanas” (Nussbaum, 2006) como a súa utilización produtiva; sabendo que o primeiro esixe facer investimentos nas persoas, mentres que o segundo require que as persoas contribúan ao crecemento do PIB e do emprego.

No 1997 subliñárase que a erradicación da pobreza xa non é unha meta imposible de alcanzar, por moito que aínda hoxe permanecemos moi afastados de evitar que esta causa continúe representando a denegación de oportunidades para atravesar unha vida saudable e creativa. Daquela, constábase que “o mundo conta cos recursos materiais e naturais, os coñecementos e a xente para facer realidade en menos dunha xeración un mundo libre da pobreza”. E,

como resultado do que se expresaba, esiáanse propostas que axudasen a resolver unha problemática tan “severa” ou “extrema” na que continúa sumida a cuarta parte da poboación mundial. Non de balde, a pesar de anotar avances sen precedentes (en asuntos como a elevación da esperanza de vida ao nacer ou o acceso aos servizos sociais máis básicos), todo indica que a perpetuación da pobreza constitúe un dos fracasos inescusables da política nacional e internacional, no seu deber de garantir as condicións esenciais para vivir unha vida duradeira, e gozar dun axeitado nivel de benestar, de liberdade, de dignidade e de respecto por un mesmo e polos demais.

Lograr este obxectivo constitúe un imperativo ético, político e social da Humanidade, reclamando ante as Civilizacións a necesidade de enfrontar os numerosos rostros da miseria, reflectida no baixo nivel de ingresos, no malestar e no analfabetismo, na privación de Dereitos Humanos e na falta de condicións para levar unha vida digna. E neste sentido ficou establecido que para acabar coa pobreza cómpre atender a seis prioridades, que son:

- 1) asegurar a participación de todas as persoas en todas as decisións que afecten ás súas vidas;
- 2) potenciar a igualdade de xénero e o papel da muller en todas as formas de desenvolvemento;
- 3) promover un crecemento rápido en beneficio de quen vive na pobreza, a fin de conseguir “unha redución paulatina”;

- 4) xestionar a globalización máis coidadosamente e con máis preocupación pola equidade;
- 5) ofrecer a atmosfera propicia para tecer un amplo apoio político e alianzas entre os mercados que traben o círculo da pobreza;
- 6) e procurar a axuda internacional a situacións especiais, como a redución da débeda dos países máis pobres.

Produción, consumo, crecemento e economía foron os termos máis citados no Relatorio do 1998. Xunto a eles –ou en contraposición a eles–, pobreza, medio ambiente, exclusión social, subdesenvolvemento etc. daban lugar a un discurso con numerosas ambigüidades, onde se avogaba pola incorporación das persoas aos procesos de crecemento e progreso, ao tempo que se obxectivaban as maneiras de “moderar” a desigualdade en aumento. Por exemplo, afirmábase que o consumo é un medio esencial para o Desenvolvemento Humano, especialmente, para quen está excluído do acceso a un mínimo nivel de ingresos e de benestar material. Con todo, recoñecía-se por primeira vez que *“o consumo en constante expansión somete a tensión o medio ambiente, con emisións e perdas que contaminan a terra e destrúen os ecosistemas, e cun esgotamento de recursos que vai en desmedro do medio de vida”*. E, esencialmente, das comunidades máis pobres, onde recae o dano ambiental provocado pola opulencia do consumo. O anuncio dunha certa reconceptualiza-

ción chegou coa publicación da décima edición. Cun título inequivocamente acertado: *“a mundialización con rostro humano”*, advertíase que a globalización incide hoxe de maneira moi considerable na evolución das condicións de Humanidade, cando *“o espazo se reduce cada vez máis, o tempo faise cada vez máis breve e as fronteiras desaparecen, vinculando a vida da xente de maneira máis intensa e máis inmediata que endexamais antes”*. Por iso, o reto consistirá en habitar unha mundialización con equidade, inclusión, seguridade humana e sustentabilidade, de maneira que os recursos humanos, comunitarios e ambientais se distribúan máis ampla e equitativamente. Argumentando que a mundialización é demasiado importante como para deixala da súa man, subliñábase que a súa deriva pode provocar tantos reveses ao progreso como acertos deberá traer na consecución dun mundo equitativo, ético e socialmente xusto, libre de vulnerabilidades, riscos e incertezas. A tal fin, establecíase que debe reinventarse a estrutura de goberno, comezando por subscribir fortes compromisos *“coa ética, a xustiza e o respecto a escala mundial polos Dereitos Humanos de toda a xente”*; *“co benestar humano como fin, cos mercados libres e o crecemento económico como medio”*; *“co respecto polas condicións e necesidades de cada país”*; e *“coa responsabilidade de todos os actores”*.

Nos últimos compases desta segunda gran etapa rexurdiu fortemente no PNUD a pre-

ocupación polos Dereitos Humanos como obxectivo do milenio. O Relatorio aproveitou a ocasión para convidar de novo a todos os países a que se amosasen resoltos a garantir o dereito á dignidade humana, salvagardando o valor da persoa e propiciando ciclos positivos para o desenvolvemento. De feito, considerando que se trata de cuestións indivisibles, ao igual que os dereitos civís, políticos, económicos e sociais nos que se fundamentan, parecía oportuno para presentar unha análise encamiñada a describir a complexa relación entre Desenvolvemento Humano e Dereitos Humanos. Máxime, nun mundo tan falto de xustiza social e das seguintes sete liberdades que ficaron definidas no ano 2000:

- 1) a liberdade da discriminación por motivos de xénero, raza, orixe étnica, orixe nacional ou relixión;
- 2) a liberdade do temor, as ameazas á seguridade persoal, a tortura, a detención arbitraria e outros actos violentos;
- 3) a liberdade de pensamento e de expresión, de participar na adopción de decisións e de establecer asociacións;
- 4) a liberdade da miseria, para gozar dun nivel de vida decoroso;
- 5) a liberdade para desenvolver e materializar plenamente o potencial humano persoal;
- 6) a liberdade da inxustiza e as violacións do estado de dereito;
- 7) e a liberdade de ter un traballo decoroso, sen explotación.

En síntese, durante a segunda metade da década dos noventa, a publicación máis emblemática do PNUD avogou por unha profunda renovación das axendas políticas nacionais e internacionais. Fíxoo remarcando a necesidade de atallar certos desafíos irresolutos; tales como a pobreza individual e social, a inseguridade pública e privada, a destrución do medio ambiente e as desigualdades que afectan a miles de millóns de habitantes do planeta. No fundamental, tratándose de cuestións que se remiten ao logro da paz mundial, da convivencia entre os pobos e da solidariedade internacional. E, paralelamente, convidando á comunidade internacional a practicar unha pedagogía desafiada a favorecer o pleno exercicio dos Dereitos Humanos, aprendendo a procurarse modos de vivir que concilien a humanización do desenvolvemento co desenvolvemento da Humanidade, proxectando a mellora das sociedades nunha educación capaz de realizar as catro aprendizaxes necesarias para o século XXI: aprender a coñecer, a ser, a facer e a vivir xuntos (Delors, 1996).

A meta do Desenvolvemento como o Obxectivo do Milenio

Os dez primeiros Relatorios reflectiron que a comunidade internacional aínda está lonxe de alcanzar a súa maioría de idade

como axente de Desenvolvemento Humano. Dende o inicio dos anos noventa, os seus redactores reclamaban que se adoptase un enfoque humanista de cada unha das preocupacións do mundo, baseándose na necesidade de establecer unha nova orde (Dahrendorf, 2005), estruturada arredor duns “obxectivos humanos realistas para o ano 2000”, que incluíran a universalización da educación primaria, a atención médica, a planificación familiar, a auga potable para todos e a eliminación da desnutrición.

Unha década despois, a Declaración dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (ODM), subscrita por un total de 189 países, constatou de novo a necesidade de relanzar un pacto universal polo desenvolvemento. A análise deses compromisos tivo cabida nas publicacións aparecidas entre 2001 e 2003, coa dirección de Saki-ko Fukuda-Parr e Nancy Birdsall. Aínda que neste período tamén foron atendidas outras temáticas, como a contribución ao desenvolvemento da ciencia e da tecnoloxía, ou a convivencia democrática nas sociedades pluralistas. Xa en 2004, coa chegada de Kevin Watkins á dirección da Oficina encargada de elaborar os Relatorios, asuntos como a inclusión social na diversidade cultural e o consumo responsable dos recursos naturais fronte ao cambio climático converteranse no principal foco de preocupación dos organismos internacionais. En relación a todas estas cuestións, a educación pasou a ser unha

das grandes claves para a integración das políticas sociais, económicas e culturais, tendo o seu máximo apoxeo coa declaración da Década da Educación para o Desenvolvemento Sustentable (2005-2014), a través da Resolución 59/237 da Asemblea Xeral das Nacións Unidas.

Seguindo a biografía do PNUD, o 2001 foi o ano escollido para subliñar que as tecnoloxías da información e das comunicacións están a crear a era das redes que conectan o mundo con innovacións tecnolóxicas. Nesta ocasión, considerouse que esas redes poden transformarse nunha poderosa forza para salvar as disparidades existentes desde antiga data. E, dada a crecente fractura do planeta, quíxose advertir que os posibles beneficios da tecnoloxía deben utilizarse co obxecto de poñer o adianto tecnolóxico ao servizo do Desenvolvemento Humano, superando as fendas existentes nos niveis de saúde, educación e ingresos. A tal fin, era preciso activar unha reforma dos sistemas educativos que permitise dar resposta aos novos retos da sociedade da información, incidindo tamén na necesidade de aumentar o investimento nos sistemas de Ciencia e Tecnoloxía e nas políticas de Investigación, Desenvolvemento e innovación (I+D+i); xa que “en todo o mundo, as persoas teñen grandes esperanzas de que esas novas tecnoloxías redunden en vidas mais saudables, maiores liberdades sociais, maiores coñecementos e vidas mais produtivas”.

No 2002, recordouse que “a política é tan importante como a economía para o éxito do desenvolvemento”, argüíndo que as democracias son formas de goberno capaces de obter bos resultados produtivos sen desatender as necesidades sociais da cidadanía, especialmente cando as crises económicas apremian as condicións da xente que vive na pobreza. Por outra banda, a participación social na vida democrática é máis que un medio para elevar as cotas de Desenvolvemento Humano, ata chegar a constituír unha finalidade en si mesma. Sen embargo, resulta evidente que esta non é a realidade dos miles de millóns de persoas que carecen de oportunidades para gobernar e gobernarse no marco de institucións capaces de dar sentido ao valor da democracia.

En consecuencia, tras relembra-lo que é preciso ampliar e consolidar a democracia para que as políticas e as institucións poidan protexer a liberdade e dignidade de todas as persoas, o Relatorio afirmou que “nun mundo con maior grao de interdependencia, os representantes políticos e as institucións políticas son aínda máis fundamentais para o Desenvolvemento Humano”. Moi especialmente, cando moitos países permanecen retardados na garantía de liberdades políticas para que a xente poida escoller o seu futuro, expresar as súas opinións e participar nas decisións que afectan as súas vidas. E, sobre todo, cando o feito de vivir nunha democracia

pode marcar a diferenza entre a vida e a morte.

A partir dos oito Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (ODM), subscritos no Cumio das Nacións Unidas de setembro de 2000, a 14ª edición ofrecía unha fotografía do mundo en cada unha das metas pretendidas. A saber: (1) erradicar a pobreza extrema e a fame; (2) universalizar o acceso á educación primaria; (3) estender a igualdade entre os xéneros e promover a autonomía da muller; (4) reducir a mortalidade infantil; (5) mellorar a saúde materna; (6) combater o VIH-SIDA, o paludismo e outras doenzas; (7) actuar de acordo coa cultura da sustentabilidade ambiental e (8) fomentar a asociación mundial para o desenvolvemento.

Diante de tales retos, entendeuse que estes oito obxectivos están a transformar a natureza do Desenvolvemento, convocando a gobernos, organismos de axuda e entidades da sociedade civil a reorientar o seu propio labor para escapar das trampas da pobreza, centrando a súa atención na tarefa de cooperar para reverter a situación dos máis de mil millóns de persoas que sobreviven con menos dun dólar ao día. Unha meta de enormes proporcións que constituíe unha proba de Humanidade, ao tempo que sinala unha necesidade fundamental para garantir a prosperidade compartida e a seguridade colectiva, pois non deberíamos conformarnos cun tipo de “progreso” sumido na fame, nas enfermi-

dades e noutras miserias que asolan ao planeta e aos seus moradores.

O Relatorio dedicado á liberdade cultural nun mundo diverso, correspondente ao ano 2004, tratou de enfrontar os conflitos existentes en torno ao idioma, á relixión, á cultura e á etnia, saíndo ao encontro de respostas para a construción de sociedades inclusivas e culturalmente diversas, entendendo que a diversidade cultural introduce a idea de formar e administrar a política da identidade cultural de maneira converxente cos principios fundamentais do Desenvolvemento Humano. A priori, considerando que *“non existen regras simples nin universalmente válidas para construír sociedades multiculturais”*. Pero, ao mesmo tempo, sen descoñecer que para promover a liberdade cultural cómpre antes recoñecer as diferenzas de identidade, contrapoñendo os movementos que sustentan a hexemonía e a homoxeneidade cultural. No entanto, optar polo recoñecemento da diversidade de etnias, relixións, idiomas e valores constitúe un elemento ineludible do novo milenio, chamado a actuar ante a circulación de fluxos migratorios e fronte ás situacións de desintegración, marxinação e exclusión cultural que impiden a moitas persoas exercer a liberdade de ser quen son.

Aínda que a Declaración dos ODM trouxo consigo a consecución de progresos non pouco significativos, como a introdución na axenda política das cuestións do de-

sevolvemento e da loita contra a pobreza, cada novo Relatorio ten vindo a constatar que non hai grandes cumprimentos que celebrar, xa que a pesar da capacidade que verdadeiramente existe hoxe para superar a pobreza extrema, as desigualdades que xa eran profundas seguen aumentando. Por iso, o PNUD dedicou o 2005 a fixar os compromisos que deberán acometer os gobernos dos chamados “países ricos” para realizar a parte que lles corresponde na alianza mundial en prol do desenvolvemento, sen restar responsabilidade e participación aos gobernos dos países en desenvolvemento.

Pola contra, entendíase que a cooperación multilateral resulta esencial para incentivar a axuda ao desenvolvemento, o comercio internacional e a seguridade ante os conflitos armados. E, porén, reclamábase unha vez máis que *“un futuro fundado na pobreza masiva nun medio da abundancia é economicamente ineficaz, politicamente insustentable e moralmente indefendible”*. Se cabe, sabendo que calquera condición de maior equidade, nun mundo altamente desigual, constituiría un poderoso catalizador para progresar cara aos ODM. E, ao mesmo tempo, suxerindo que a educación é un deses catalizadores, conforme se recollía na Declaración Mundial sobre a Educación para Todos e no Marco de Acción para Satisfacer as Necesidades Básicas de Aprendizaxe, adoptado en Jomtien (Tailandia), no ano 1990, para responder á preocupación xeral polas insuficiencias

dos sistemas educativos, a falta de acceso ao ensino primario, e as consecuencias do analfabetismo funcional de millóns e millóns de persoas adultas.

No bienio 2006-2008, os relatores continuaron preocupándose polas principais problemáticas que dificultan o progreso humano, centrando o seu ollar na dependencia do medio ambiente e na capacidade das sociedades para aproveitar todo o seu potencial como sustento da biodiversidade. En concreto, quedou manifesto que máis de mil millóns de persoas están privadas de acceso a auga potable, aínda que se trata dunha necesidade básica para a vida de todos os seres vivos. Esta circunstancia afecta á saúde e á actividade produtiva, convertendo a desigual distribución do abastecemento de auga apta para o consumo nunha das primeiras problemáticas da crise ambiental a nivel mundial. Máxime, cando todo indica que nas próximas décadas se intensificará a competencia polo control dos recursos hídricos do planeta, disparando a demanda dun recurso finito, por mor do crecemento demográfico, da urbanización, do desenvolvemento industrial e das necesidades agrícolas.

Ao respecto, o Relatorio destacou os inmensos desafíos que interpelan aos gobernos para garantir a accesibilidade universal á auga, poñendo de manifesto as causas e consecuencias da súa carencia, e asociando os déficits na xestión local e

global dos recursos hídricos cos riscos de caer no círculo da pobreza e de padecer enfermidades severas. Entre as súas conclusións subliñou que *“carecer de acceso á auga e ao saneamento é un eufemismo politicamente correcto para falar dunha privación que ameaza a vida, destrúe as oportunidades e socava a dignidade humana”*, demandando que garantir que cada persoa dispoña de acceso a polo menos 20 litros de auga limpa ao día é un requirimento mínimo para respectar este Dereito Humano.

Pola súa vez, en materia de loita contra o cambio climático, recoñécese que *“non hai outro tema máis urxente e ningún esixe medidas tan necesarias como este”*. É máis, a última edición do Relatorio engade que *“o cambio climático xa está comezando a afectar a algunhas das comunidades máis pobres e vulnerables do mundo”*, e a longo prazo, constitúe un perigo masivo para o Desenvolvemento Humano, minando e diminuindo as oportunidades das persoas para mellorar as súas vidas e as das vindeiras xeracións, ante a crecente exposición a secas, tormentas máis intensas, inundacións e crises medioambientais de diversa índole.

Porén, os redactores insistiron que urxe aumentar a solidariedade fronte a un mundo dividido por enormes fendas de riqueza, onde predominan aínda numerosas fontes de conflito cultural, sexual, racial, relixioso etc. Máxime, cando cada día que trans-

corre se incrementan os riscos de provocar que o quecemento global supoña un dano substancial ao benestar humano e á prosperidade. E, asemade, cando a interpretación das cifras arroxa unha realidade sobrecollidora: “estamos, dun xeito temerario, xestionando pesimamente a nosa interdependencia ecolóxica”. Neste sentido, a conclusión non pode ser máis rotunda: “só podemos evitar os retrocesos no Desenvolvemento Humano e os riscos catastróficos se decidimos actuar con urxencia no século XXI, sensación que non se percibe neste momento”.

Segundo se pode observar, todas estas referencias constitúen a base para entender a magnitude dos desafíos mundiais, destacando a urxencia dos problemas que deben abordarse de inmediato para superar as profundas desigualdades que dividen aos países e ás persoas e, en definitiva, para promover os intereses comúns da Humanidade. Neste sentido, coincidimos co Premio Nobel de Economía, AMARTYA SEN (2000), en que o labor do PNUD está a servir para ampliar substancialmente a atención empírica que recibe a avaliación dos procesos de desenvolvemento, interesando cada vez a máis e máis persoas pola profusa información que se presenta cada ano. Ao que se engade que “a maior contribución desta serie de informes foi a de tallar un lugar de prominencia para o concepto de desenvolvemento humano no discurso intelectual” (SAGAR e NAJAM, 1998).

En efecto, a revisión destes dezaioito anos de traballo constitúe un substrato para aumentar a nosa comprensión sobre os significados políticos e prácticos do Desenvolvemento Humano. Faino a distintos niveis locais e globais, amosando que ningún proceso merece a pena denominarse así se non contribúe a realzar as capacidades humanas, de maneira integral e integradora, para procurarse un nivel de vida decente, nutrición suficiente, atención de saúde, educación, traballo e protección social; observando o cumprimento dos Dereitos Humanos e salvagardando os valores da liberdade, da igualdade, da solidariedade e da xustiza social.

Será chegado o momento de ter que revisar o labor do PNUD cando os historiadores humanistas poderán valorar os avances e retrocesos na traxectoria do Desenvolvemento Humano, así como a capacidade dos gobernos e das institucións para universalizar as condicións de prosperidade a millóns de persoas vulnerables do mundo. Entre tanto, o Relatorio que será lanzado en setembro de 2009 analizará as realidades da migración no contexto dos cambios demográficos, dando a coñecer experiencias individuais, familiares e locais, e estudando os movementos menos visibles, como a migración estacional e de curta duración, que habitualmente levan a cabo os grupos desfavorecidos. Moi probablemente, continuará constatando o curso da desigualdade nas tendencias que

caracterizan a cada país. Pero, de entrada, a consigna escollida para titular o próximo Relatorio, “Desenvolvemento Humano en movemento”, pode que sexa un bo expoñente metafórico da súa dedicación a orientar os rumbos do desenvolvemento na dirección certa; afastando ao mundo das súas miserias, pobrezas e inxustizas.

Educación como Desenvolvemento con persoas-sociedades-ambientes

A teor de todo o antedito, cabe afirmar que na formulación institucional do Desenvolvemento Humano radica un transfundo de alto valor pedagóxico, entendendo que boa parte da tarefa educativa consiste en proxectar os mencionados procesos na creación dun ambiente propicio para que as persoas –tanto de maneira individual como colectiva– poidan facer uso de todos os seus potenciais, gozando de oportunidades para levar unha vida que humana e socialmente teñamos motivos para valorar (SEN, 2000). Unha vida que –polo xeral– se quere que sexa duradeira e saudable, accedendo aos recursos educativos e sociais necesarios para contar cunha existencia digna, protexendo a seguridade persoal e logrando a igualdade para os homes e as mulleres do mundo, con independencia da súa condición sexual, económica, étnica, relixiosa etc.

Así, os horizontes do Desenvolvemento Humano apelan ao quefacer dunha educación vocacionada a achegar máis e mellores oportunidades para as persoas e as comunidades, compartindo os seus propósitos humanizadores con todas as prácticas pedagóxicas e sociais que se propoñen formar unha cidadanía activa e responsable, que exercite os seus dereitos cívicos, políticos, sociais e económicos; e que se amose solidariamente comprometida co cumprimento ético e democrático dos deberes que a obrigan a salvagardar “o noso futuro común” e o das vindeiras xeracións (COMISIÓN MUNDIAL DEL MEDIO AMBIENTE Y DEL DESARROLLO, 1987).

Ao respecto, JONES (2006) considera que o papel do PNUD na universalización da educación debe ser obxecto de varios cuestionamentos. Entre outros, o feito de instalar a linguaxe económica na columna vertebral do concepto de desenvolvemento, sendo unha constante que palabras como privatización, gobernanza ou reformismo teñan sustentado os piares fundamentais das propostas institucionalizadas pola ONU. Pois, se ben é certo que este dicionario terminolóxico mudou gradualmente durante a década dos noventa, na medida en que o desenvolvemento sustentable, a democratización dos gobernos e a loita contra a pobreza desprazaron cunha sutil eufemística aos restantes conceptos; non é menos verídico que o léxico económico continúa moi presente na filosofía

de todas as organizacións internacionais, afectando tamén ao seu discurso sobre as posibilidades da educación para activar a necesaria transformación das realidades.

Neste sentido, as coordenadas humanas, sociais e sustentables formulan apenas tres dos posibles vectores directores da “educación para o desenvolvemento”, sen desconsiderar que se trata de propostas certamente controvertidas, pero tamén posibilitadoras de novos horizontes para a Humanidade, que suxiren alternativas para a resolución próxima ou ‘futura’ dalgúns dos principais problemas sociais e ambientais do mundo contemporáneo, e que observan a educación en termos dunha praxe social que remite as súas actuacións cara a adopción de novos perfís semánticos, conceptuais e ‘paradigmáticos’ nos modos de imaxinala e practicala (CARIDE e MEIRA, 2001).

Complementariamente, por moi suxerinte que poida ser a idea de Desenvolvemento Humano, nela non se esgotan os significados dunha educación que quere mostrarse comprometida co empeño de promover o desenvolvemento integral e integrador

de toda a vida socio-ecolóxica que habitamos. No entanto, os enfoques do Desenvolvemento Humano, Social e Sustentable terán que contribuír –conxuntamente– a reconciliar a Humanidade coa Biosfera, pois, como sinalaba MAHBUB UL HAQ no Ocasional Paper 1 titulado “Human Development in a changing world”, a máxima preocupación e o mandato que ten encomendado o PNUD reside no estudo das persoas, das sociedades e das relacións que estas establecen co seu contorno, avogando pola creación dun ambiente axeitado para que os seres humanos gocen dunha vida prolongada e creativa, por medio dun proceso que sirva para ampliar as opcións da xente, e, en particular, de quen carece da oportunidade de satisfacer as súas necesidades máis básicas. (Figura 2)

Na actualidade, a contribución da educación a todos estes procesos continúa a ser amplamente debatida. Así, a UNESCO –co apoio do Ministerio Federal de Educación e Investigación de Alemaña– convocou en Bonn unha “Conferencia Mundial” que se propón avaliar o transcurso da primeira metade do Decenio das Nacións Unidas da Educación para o Desenvolvemento

ENFOQUES DE DESENVOLVEMENTO	PRINCIPAL ORIENTACIÓN DO DESENVOLVEMENTO	EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO
Desenvolvemento Humano	Capacidades humanas	Desenvolvemento persoal e Dereitos Humanos
Desenvolvemento Social	Produtividade e crecemento	Inclusión económica e benestar social
Desenvolvemento Sustentable	Satisfacción das necesidades	Eco-Cidadanía planetaria

Figura 2: Referentes da Educación para o Desenvolvemento

Sustentable (2005-2014). A teor dos logros conseguidos na procura do tipo de desenvolvemento enunciado, as análises provisionais deixan entrever que “celebraremos os éxitos conseguidos ata a data e discutiremos sobre os obstáculos atopados e as leccións aprendidas”. Entre outros, anotando entre as eivas a vaguidade conceptual deste novo “fetiche”, desta nova “pedra filosofal” que GONZÁLEZ GAUDIANO (2006) caracteriza como “unha estratexia simplista, pero efectiva á vista do gran público”; compartindo asemade con MEIRA e CARIDE (2006) ou SAUVÉ (2006) que – neste caso – a terminoloxía transcende ás cuestións semánticas para incidir no sentido ontolóxico da Educación Ambiental, desprazando da esfera pública a súa plena identidade política e pedagóxica.

Con todo, e aínda que sen desconsiderar a autoridade destas apreciacións, pode que continúe sendo valioso recuperar o sentido das liñas de traballo que definen os principais obxectivos da Conferencia (<http://www.esd-world-conference-2009.org/>), con miras a estender o debate sobre os distintos modos de entender a Educación para o Desenvolvemento Sustentable (EDS), diversificando os seus enfoques humanistas a varios niveis:

- Dun lado, entendendo que se trata dunha educación concernente a temáticas como os Dereitos Humanos, a redución da pobreza, o cambio climático, a igualdade de xénero, a responsabilidade so-

cial corporativa ou a protección integral das culturas indíxenas. Diante destas problemáticas, a Educación Ambiental vincúlase coas cuestións das relacións internacionais, a cooperación, as representacións Norte-Sur, os Dereitos Humanos e a cidadanía global, os conflitos e as migracións, na perspectiva da interdependencia planetaria.

- Doutro, considerando a oportunidade do intercambio internacional sobre a Educación para o Desenvolvemento Sustentable (EDS), apelando a que os plans, programas e proxectos educativos teñan atención as tres esferas da sustentabilidade: “o medio ambiente, a sociedade e a economía, coa cultura como dimensión subxacente ás tres”. E, asemade, denotando que estas dimensións actuarían a diferentes niveis (local, rexional, nacional e global), nos que están convocados numerosos axentes e actores educativos, con distintas responsabilidades e diferentes ámbitos de intervención que se complementan.
- Por último, observando que cómpre desenvolver estratexias para profundar no camiño a seguir, augurando unha mellor implementación do Decenio na súa segunda metade, e subliñando de novo que a educación haberá de integrarse nas políticas educativas, así como nos plans e programas curriculares, aumentando a súa capacidade para mobilizar fondos, crear asociacións máis efectivas

e abrirse á inclusión de partes que aínda non están involucradas na verdadeira consecución dos obxectivos do desenvolvemento.

Conclusión

Segundo se pon de manifesto na lectura dos Relatorios de Desenvolvemento Humano, o adianto humano está condicionado pola forma na que concibimos o progreso social, e, particularmente, pola sabedoría que teñamos para poñer o desenvolvemento ao servizo dos seres humanos. Nestes sentido, a traxectoria do Desenvolvemento Humano constitúe un poderoso vector de educación, orientado a ampliar as capacidades das persoas e dos grupos sociais, de modo a que todos e todas poidan levar unha vida que teñan motivos para valorar, exercendo a liberdade de ser quen son.

A partir de análises comparadas, os Relatorios do PNUD veñen destacando a urxencia dos problemas que deben abordarse de inmediato para superar as profundas desigualdades que dividen aos países e ás persoas e, en definitiva, para promover os intereses comúns da Humanidade. Os resultados contrastados ata o momento balancéanse entre a presentación dos avances producidos a escala mundial e a constatación dos retrocesos

que se asentan en varios frontes. Nomeadamente, ante circunstancias como a perpetuación da pobreza, a inseguridade, a desigualdade, a crise ambiental, a falta de liberdades, a conculcación dos Dereitos Humanos etc.

Dada a magnitude dos desafíos existentes, a comunidade internacional está chamada a intervir en todos estes asuntos, cumprindo co seu deber de garantir as condicións esenciais para vivir unha vida duradeira, e gozar dun axeitado nivel de benestar, de liberdade, de dignidade e de respecto por un mesmo e polos demais. En boa medida, porque en termos de Desenvolvemento Humano ningún proceso merece a pena denominarse así se non contribúe a realzar as capacidades das persoas. E, a tal fin, as achegas realizadas convidánnos a practicar unha pedagogía desafiada a favorecer o pleno exercicio dos dereitos cívicos e sociais, aprendendo a procurarse modos de vivir que axuden a harmonizar calquera sorte de desenvolvemento que favoreza a capacidade humana para convivir en toda a súa biodiversidade.

Bibliografía

- BRONFENBRENNER, U. (1987): *La ecología del desarrollo humano: Experimentos en entornos naturales y diseñados*. Barcelona: Paidós.
- CARIDE, J. A. (2006): "La educación social en la acción comunitaria", en Ucar, X. e Llana, A. (coord.): *Miradas y diálogos en torno a la acción comunitaria*. Barcelona, Graó, pp. 157-194.
- CARIDE, J. A. E MEIRA, P. A. (2001): *Educación am-*

- biental y desarrollo humano*. Barcelona: Ariel.
- COMISIÓN MUNDIAL DEL MEDIO AMBIENTE Y DEL DESARROLLO (1987): *Nuestro futuro común*. Madrid: Alianza.
- DAHRENDORF, R. (2005): *En busca de un nuevo orden: Una política de la libertad para el siglo XXI*. Barcelona: Paidós.
- DELORS, J. (1996): *La educación encierra un tesoro: Informe a la UNESCO de la comisión internacional sobre la educación para el siglo XXI*. Madrid: Santillana.
- GONZÁLEZ GAUDIANO, E. (2006): "Configuración y significado. educación para el desarrollo sustentable", en *Trayectorias*, (20), 100-109.
- JONES, P. W. (2006): "UNDP and educational development: An institutional policy analysis", en *International Journal of Educational Development*, 26(6), 605-617.
- MAX-NEEF, M., ELIZALDE, A. E HOPENHAYN, M. (1994): *Desarrollo a escala humana: Conceptos, aplicaciones y algunas reflexiones*. Barcelona: Icaria.
- MEIRA, P. A., E CARIDE, J. A. (2006): "La geometría de la educación para el desarrollo sostenible, o la imposibilidad de una nueva cultura ambiental", en *Revista Iberoamericana de Educación*, (41), 103-116.
- NUSSBAUM, M. (2006): *Las fronteras de la justicia: Consideraciones sobre la exclusión*. Barcelona: Paidós Ibérica.
- SAGAR, A. D. E NAJAM, A. (1998). "The human development index: A critical review", en *Ecological Economics*, 25(3), 249-264.
- SAUVÉ, L. (2006): "La educación ambiental y la globalización: Desafíos curriculares y pedagógicos", en *Revista Iberoamericana de Educación*, (41), 83-101.
- SEN, A. (2000). *Desarrollo y libertad*. Barcelona: Planeta.
- SEN, A. (2000): "A decade of human development", en *Journal of Human Development*, 1, 17-23(7).